

# A última palabra

Cando se trata da lingua, hai quen só mira polo espello retrovisor; nós, en troques, pensamos nas nosa fillas e fillos, no dezo de lles deixar en herdo un instrumento comunicativo e un elo comunitario.

*“Porque usar o galego non é un acto de morriña, senón de intelixencia emocional e afectiva”*



Cando se trata da lingua, hai quen pretende asustarnos con xigantes onde só hai muiños, metendo a todos os/as galegofalantes no mesmo saco, ideolóxico ou enxebrista; nós, en troques, sabemos que cada persoa é un universo en si mesma, e que o galego non é propiedade exclusiva de ninguén, senón de toda a comunidade, máis alá de grupos tribais, e de tirapuxas partidistas que nos deixan sen azos.

Cando se trata da lingua, hai quen pretende facer excluínte o concepto de plurilingüismo, arredando o galego de ámbitos como o científico e o tecnolóxico, ou impoñendo o inglés como medida única de coñecemento; nós, en troques, sabemos que os

únicos valos de aramio residen no corazón dos intolerantes, eses que só ven na nosa fala un exotismo folclórico ou un produto de laboratorio.

Cando se trata da lingua, hai quen gusta de enturbar as augas; nós, en troques, propoñemos beber de regatos transparentes, que abrollan de fonte limpa; con respecto aos demais, pero con orgullo de seguir escoitando na rúa eses fonemas que nos distinguen entre todos os das culturas do universo, pois enchen a nosa gorxa de afecto e diversidade.

Cando se trata da lingua... a última palabra tamén a tes ti, o teu entorno, a túa familia.

**Carlos Negro é profesor de lingua e literatura galega no CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, en Dodro ( A Coruña). Ademais de participar no 2003 proxecto colectivo “Negra sombra”, unha intervención poética contra a marea negra, ten colaborado en diversas revistas de literatura e poesía, entre as que se encontran Ólisbos e Dorna, así como nos boletíns literarios promovidos pola Fundación A Solaina de Piloño (Vila de Cruces).**

## OBRAS

- As laranxas de Alí Babá, 1998, Letras de Cal.
- Far-west, 2001, Xerais.
- Héleris, 2003, Espiral Maior. VII Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu.
- Cultivos transxénicos, 2008, Instituto de Estudos Miñoranos, I Premio de Poesía Victoriano Taibo.
- Makinaria, 2009, Xerais.
- Penúltimas tendencias, 2014, Xerais.

## PREMIOS

- VII Premio Johán Carballeira do Concello de Bueu no 2002, ex aequo con Alexandre Nerium, por Héleris.
- I Premio de poesía Victoriano Taibo no 2008, por Cultivos transxénicos.



**6 de Maio**

Diego Fernando López Crego quinto e Gabriel Vilar Longarela cuarto, foron as clasificacións dos representantes do CIFP Compostela no concurso de coctelería de Segovia.



**26 de Maio**

Os representantes do CIFP Compostela acaparan os primeiros premios no campionato de Gin Tonics celebrado no hotel ATTICA21.

**1º Premio en Gin tonic clásico para Gabriel Vilar Longarela**

**1º Premio en Gin tonic de innovación para David Lamego Nodar.**

Noraboa para os alumnos e para os profesores, Maria José Rey e Diego Mosquera Miramontes

# Actividades do equipo de normalización e dinamización da lingua galega

O ENDLG do CFP Compostela marcouse como obxectivo a colaboración cos demais centros educativos da contorna na posta en marcha de actividades conxuntas que nos permiten, por un lado, abaratar costes e, por outro, estreitar vencellos con membros das comunidades veciñas:

- En colaboración co IES Lamas de Abade editamos un marcapáxinas con motivo do homenaxeado o día das Letras Galegas, Xosé María Díaz Castro para distribuír a toda a comunidade educativa.
- Mostra do Entroido da Ulla. Como dixemos máis arriba, trátase de que as comunidades educativas dos centros da contorna (CEE Duques de Lugo, CEIP Lamas de Abade, CEI Raiola e IES lamas de Abade) participen, xunto coa nosa, nunha actividade de convivencia na que compartan non só actividades e espazos, senón unha xornada de base tradicional no que ao Entroido se refire, de aproximación e superación de barreiras e lúdica co uso da lingua, o galego, como fio condutor.

A organización e planificación da actividade foi complexa e apaixonante pola implicación dos centros participantes e pola entrega dos colegas dos ENDLG. Foi unha actividade custosa tamén dende a perspectiva económica e material (carteis, programas de man, agasallos, seguro da actividade, produtos para degustación ...), mais, compartida solidariamente, foi asumible. Destacar a colaboración desinteresada do alumnado e profesorado dos cinco centros, Concello de Santiago, Concello de Teo, veciños da parroquia de Couso-A Estrada e de Santa Lucía que aportaron o substantivo no Entroido da Ulla: sentinelas, correos e xenerais coas súas vestimentas tradicionais e cabalarías, por suposto de xeito desinteresado.





- O día 28 comezou a actividade no salón de actos ás 10:00 h coa proxección dun documental sobre o Entroido da Ulla; continuou coa conferencia sobre os antecedentes históricos e desenvolvemento a cargo de Carme Hermida Gulias e Xoán M. Reyes Salgado, retransmitida en videoconferencia, sen éxito por desgraza, para o resto dos centros; ás 12:00 a actividade trasladouse á praza do CEIP Lamas de Abade, na que se concentraron os alumnos e alumnas dos centros participantes para dar comezo ao desfile de disfraces, comparsas e charangas; acto seguido

sentinelas, correos e xenerais fixeron os encontros e atranques tradicionais e a festa rematou coa degustación de produtos típicos do Entroido, ofrecida polo alumnado de industrias Alimentarias e Hostalaría e Turismo. Todas as actividades estiveron acompañadas pola actuación dun grupo musical constituído para ocasión e formados por alumnos e alumnas dos centros participantes. Salientar o acollemento tanto do alumnado coma do profesorado de todos os centros, así como de nais e pais e veciñanza da contorna, tamén cumpre destacar a repercusión nos medios de comunicación a nivel local e galego pola presenza da televisión de Galicia.



- O 30 de abril colaboramos co XIX Certame de Teatro Intercentros de Compostela, dispuxemos das instalacións do salón de actos para a representación da obra de Castelao "Os vellos non deben namorarse" a cargo do grupo de teatro do IES de Oroso "Queixo e Marmelo" á que asistiron tanto alumnado deste centro como do IES Lamas de Abade.



O resto de actividades realizadas polo ENDLG foron as seguintes:

- Renovamos a subscripción ao semanario Sermos Galiza.
- O martes 28 de xaneiro e en sesión de mañá e tarde organizamos unha charla-obradoiro sobre “O teatro como fonte de recursos educativos e comunicativos” coa intervención de D. Xosé Lueiro Lemos, licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela, onde realizou tamén estudos de postgrao na disciplina de Arte Dramática. Paralelamente compaxinou a súa traxectoria docente e musical coa montaxe e dirección de numerosos espectáculos teatrais tanto ao fronte da Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada, da que é xerente e profesor dende o ano 2002, como dende o ámbito de compañías privadas. Tamén colaborou en distintas publicacións nos apartados de crítica teatral e foi responsábel da confección do Anuario do Teatro galego dende os anos 2003 ao 2006, traballos que realizou para a AGADIC.

O obxectivo desta actividade foi provocar a posibilidade de constituír un modesto grupo de teatro no centro que, ademais de dotarnos dunha actividade propia, poría en valor as instalacións do salón de actos; intentámolo con seis interesadas/os do noso centro aos que intentamos sumarlle máis doutros centros próximos (Lamas de abade, Pontepedriña), mais non o conseguimos.

- O xoves 20 de febreiro programamos unha conferencia sobre “O noso patrimonio cultural, iniciativas sociais e responsabilidade institucional” a cargo de D. Manuel Rodríguez Calviño (arqueólogo), Diplomado en profesorado de Ensinanza Xeral

Básica e licenciado con posterioridade na especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Estivo sempre moi vinculado ao mundo da etnografía e aos museos, traballando nun primeiro momento no Museo do Pobo Galego, no que segue como colaborador na actualidade montando exposicións e traballos de investigación. Ademais da actividade profesional como arqueólogo da Xunta de Galicia e o traballo de campo que realiza no eido da actividade téxtil tradicional en Galicia, dirixe dende fai anos o grupo de música e baile tradicional TAMPARRANTÁN en Vea (A Estrada), que está desenvolvendo un amplo e variado programa cultural que ten como eixo principal a recollida en campo, a investigación, o ensino, a difusión e a posta en valor da música, o baile e a indumentaria tradicional, pero tamén outros moitos aspectos da cultura galega.

Por mor da convocatoria de folga para esta xornada aprazouse para o día 10 de abril en sesións de mañá e tarde.

- E xa, no mes das Letras, o mércores 7 de maio, rematamos as actividades coa presentación e representación da obra “Vento e Chuvia” a cargo do autor Manuel Gago Mariño e Soledad Felloza.



Manuel Gago é doutor en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela. Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela. É membro do Grupo de investigación en Novos Medios da USC. Como divulgador cultural dirixe o portal do Consello da Cultura Galega [culturagalega.org](http://culturagalega.org). Foi comisario da exposición “Ao pé do lar” (Museo do Pobo Galego,

2010), promovida para o Fórum Gastronómico en Santiago. Tamén é autor de: "Herdeiros pola forza. Patrimonio cultural, poder e sociedade na Galicia do século XXI" (2.0 editora, 2012, xunto a Xurxo Ayán), "Novas tendencias do xornalismo electrónico" (Lea, 2002, con Xosé López García e José Pereira Fariña). Asemade é autor de publicacións técnicas como: "Sistemas Digitales de Información" (Pearson Prentice Hall, 2006), "Diseño Periodístico en Internet" (UPV, 2007).



Soledad Felloza , natural de Uruguai, é actriz, dramaturga, contacontos e fotógrafa, cunha ampla formación no campo do teatro e a narración oral. Ten unha ampla experiencia multidisciplinar en Festivais de Uruguai, Arxentina, Chile, Bolivia, Venezuela, Cuba, Alxeria, Perú, Francia, Italia, Portugal, Holanda e de toda España.

- Instalamos na entrada do centro das láminas biográficas sobre Xosé María Díaz Castro, achegadas pola Secretaria Xeral de Política Lingüística con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

# 13 Culherinhas Numha Caixinha Negra

Luísa tem umha colecção mui especial. De culherinhas. Dentro duma caixinha forrada com veludo negro. Mostrou-las na sua casa.

- **Nom tenho demasiadas afortunadamente. Digo afortunadamente porque cada vez que consigo umha é como se medrase a minha tristeza... ás vezes, outras, a raiva. Já perdí a conta delas, tenho-as nesta caixinha negra, olha. Ves som culherinhas pequenas, prateadas, todas som diferentes.**

Contei-las. Brillavam. Havia doce culherinhas.

- **Esta foi a primeira,** -dixo Luísa colhendo umha -. **A mim encantava-me jogar de nena com ela e um dia dixo-me minha avoa, recordó-o perfeitamente, dixo: Esta culher agora é tua. Cuida-a bem e limpa-a com limón que é de prata. Recordo-o como se fosse hoje: Esta culher.. agora é túa. Esta culher dixo. Guardei-na como um tesouro até hoje. Depois minha avoa puxo-se a pelar umha laranja.**

Luísa tem duas nenas. Umha de quatro anos, Inés, e outra de dez meses, Maruxa. Saímos dar umha volta e entramos num bar, na Rua do Príncipe. Pedimos duas cervejas. Maruxa começou a chorar no carrinho e Luísa colheu-na no colo.

- **Tem fame, dixo...**

Sacou um tarrinho do bolso, mostrou-lho á nena, que deixou de chorimicar, e dixo-lhe:

- **Hoje preparei-cho de laranja e pera.**

E dixo-me a mim:

- **Nunca levo culherinha no bolso.**

Ergueu-se e achegou-se á barra com a nena no colo.

- **Ola, poderia deixar-me umha culherinha?**

A camareira dixo: **Que?**

- **Umha culher.** -repetiu Luísa..

- **Que?,** repetiu a camareira.

Teria uns trinta anos.

- **Umha culher,** repetiu.

- **Eh?,** repetiu a camareira.

- **Umha culher,** -repetiu Luísa sinalando com o dedo umha culher que havia sobre a barra um pouco mais alá.

- **Ah!,** exclamou a camareira.

Luísa voltou com a culher enfadada, indignada:

- **Óutra para a colecção.**

E dixo:

- **É triste que haja alguém que nom te entenda no teu propio país quando pides umha simple culher.**

E dixo:

- **Por isso é triste a minha colecção, porque medra com a ignorancia da gente... E por vezes dame raiva.**

Quando Maruxa acabou a pera com laranja e nós, as cervejas, dixo Luísa:

- **Sempre penso: Aver se esta é a última da colecção.**

E guardou a culherinha no bolso e marchamos.

Quamndo saímos á rua Inés colheu a mao de sua mai e dixo-lhe:

- **Mamá, sabes, vou começar umha colecção de garfos.**

Sechú Sende